

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O DÍA 20.3.2017 (EXP.005-SERVPA17).

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 9:45 horas do día 20.3.2017, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente/a da Mesa:

D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos) .

Vogais:

D^a. Gloria M^a. Prada Rodríguez (Concelleira Delegada de Réxime Interno)

D^a. M^a Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).

D^a. M^a Trinidad López Pérez (Axente de emprego e desenvolvemento local).

Secretario/a:

D. José M^a Valcarce Rodríguez (Tag).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa de Contratación e cumpridas as formalidades esixidas pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, procédese ao estudo e debate do primeiro dos asuntos da orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

Primeiro.- Dación de conta, en acto público, do informe de valoración do contido do Sobre B da Axente de Desenvolvemento Local do licitador concorrente ao procedemento para a contratación SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO ESPAZO GASTRONÓMICO DA PRAZA DE ABASTOS (EXP.005-SERVPA17).

Polo Secretario da Mesa se da conta do contido do informe de avaliación da memoria técnica achegada por D. Diego Dapresa Díaz da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local de data 17.3.2017, e que literalmente precisa o seguinte.-

"(...)M^a Trinidad López Pérez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Monforte de Lemos, en relación ao asunto INFORMA:

1. ANTECEDENTES:

Con data 3 de febreiro de 2017, iníciase o expediente de licitación do procedemento aberto para a adxudicación do contrato do Servizo de Explotación do Espazo Gastronómico "A Picota" da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos, cun prazo de duración de 2 anos, con admisión de prórrogas, ata un máximo de 4 anos. Esixindo a subscrición polo licitador dun contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa, así como a Responsabilidade Civil que cubra as continxencias que podan sufrir os usuarios da actividade por un importe non inferior a 300.000,00.-euros.

Publicada a licitación do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 045 de 23 de Febreiro de 2017. A Mesa de Contratación, con data 16 de marzo de 2017, procede a apertura dos sobres A "Documentación previa" e sobres B "Documentación Técnica" dos licitadores concorrentes neste procedemento.

2. RELACIÓN DAS EMPRESAS LICITADORAS:

1. EMPRESA DIEGO DAPRESA DÍAZ

3. BAREMACIÓN DA ÚNICA OFERTA PRESENTADA E CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN

CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR.

Segundo os criterios sinalados na cláusula 12.1.- do prego de cláusulas administrativas, recóllese a

valoración da mellor adecuación da Memoria de explotación ás finalidades do contrato, debendo axustar o seu contido ás características e os estándares mínimos recollidos na cláusula 2 do prego de condicións técnicas (40 puntos).

O Licitador Diego Dapresa Díaz presenta na documentación técnica "Memoria de explotación", có tamaño acorde ao disposto na cláusula 11ª do prego de cláusulas administrativas.

Nesta memoria, contéplase os seguintes aspectos recollidos na cláusula 2 do prego de condicións técnicas, recolle a programación de explotación, indica unha planificación xeral da organización dos servizos a prestar, cunha proposta de funcionamento "convertir el local en un establecimiento de tapeo y comida rápida, basada en productos autóctonos de la "Ribeira Sacra" de temporada, en preparaciones tradicional, sin renunciar a ciertas innovaciones y presentaciones".

Tipo de cociña a preparar: "Pretendo cubrir una parte del mercado interesado en este tipo de restauración, basado en la degustación buenos productos, en preparaciones reducidas (tapas o raciones para compartir) que permita saborear varias preparaciones en lugar de degustación de platos únicos" A oferta de tapas presentada e racións é dun mínimo de 12, cumprindo o obxectivo dun mínimo de 10. Presenta na memoria unha gran variedade de tapas e raciones e suxerencias, todo elo segundo a tempada e en consecuencia a calidade do produto.

Detalla 6 etapas horarias/diarias, nas que adaptará a oferta hostaleira que contén cada unha das etapas:

- Almorzos
- Aperitivos e tapas do mediodía
- Menú de mediodía
- Tapas tarde/noite
- Cea
- Sobrecena, copas

Para a xestión e promoción do establecemento, expón que "prestaremos especial atención a la celebración de mercados temáticos. Para colaborar en la celebración de los mismos y generar un feedback", adecuaré la oferta en esos días a los productos objeto de dichos mercados, de tal forma que los clientes puedan degustar, in situ".

Tamén, menciona a súa intención de dar unha maior presenza aos viños da Ribeira Sacra, así como a importancia dunha excelente maridaxe.

Detállase na memoria "se ofrecerá información turística de la zona o todo aquel que lo demande, con el fin de vincular la oferta gastronómica a las características de la zona"

O horario proposto está ben detallado e corresponde có proposto no prego dun mínimo de 40 horas semanais, así como cumprir coa puntualidade.

O equipo de persoal, levará todo uniforme de traballo, e estaría composto por:

- O promotor responsable da posta en marcha do establecemento, con formación e experiencia na hostelería.
- Un/a cociñeiro/a para a elaboración de tapas e raciones quentes.

- *Un/a barman, coñecedor/a dos viños da Ribeira Sacra e con coñecementos de coctalería.*

Comprométese a limpeza, a conservación do local en perfectas condicións e a seguir as normas de seguridade establecidas, segundo o detallado no prego, así como a contratar o seguro de responsabilidade civil requerido.

A proposta de mellora, está enfocada na mellor prestación do servizo coa aportación e dotación do seguinte material: máquina de xeo, forno microondas e televisión. Tamén se comenta na memoria de explotación que ante a falta de luz exterior no local, o que considera se solucionaría cunha cristalera que dise a terraza, e que ademáis facilitaría a atención e servizo prestado a mesma, intentará decorar o espazo interior para engadir calidez o local. Tamén completará e mellorará o mobiliario de terraza, así como a louza.

Segundo estes criterios e tomando como referencia que soamente hai unha empresa para a súa avaliación, cinguíndome ao análise do cumprimento dos aspectos técnicos redactados na memoria de explotación e aos requisitos esixidos no Prego de Cláusulas administrativas e Prescripcións Técnicas, a puntuación concedida é de 23 puntos....”

Á vista do contido do citado informe a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda asumilo como propio na súa integridade e continuar o procedemento co licitador, procedendo ao estudo do segundo punto da orde do día.-

Segundo.- *Apertura, en acto público dos SOBRES C. “PROPOSICIÓN ECONÓMICA” do licitador concorrente ao procedemento para a contratación do SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO ESPAZO GASTRONÓMICO DA PRAZA DE ABASTOS (EXP.005-SERVPA17).*

Acto seguido se procede á apertura do Sobre C “Proposición Económica” de D. Diego Dapresa Díaz, resultando o seguinte, segundo os criterios de adxudicación recollidos na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.-

| Maior incremento no prezo fixo (IVE incluído). | Maior desconto sobre a lista de prezos exposto ao público, respecto dos eventos e actividades organizadas polo Concello. | Maior investimento en equipamento complementario e/ou acondicionamento das instalacións. | Maior canon variable. |
|---|---|---|------------------------------|
| 8.058,60.-€ | 10% | 2.500,00.-€ | 5% |

Pola Mesa de Contratación procédese á valoración dos citados criterios en aplicación das fórmulas contidas na cláusula 12.2 do citado prego administrativo, obténdose o resultado seguinte.-

| Maior incremento no prezo fixo (IVE incluído). | Maior desconto sobre a lista de prezos exposto ao público, respecto dos eventos e actividades organizadas polo Concello. | Maior investimento en equipamento complementario e/ou acondicionamento das instalacións. | Maior canon variable. | Puntuación total |
|--|--|--|-----------------------|------------------|
| 45 | 5 | 5 | 5 | 100 |

En atención ao exposto, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda propoñer ao órgano de contratación como adxudicatario do contrato a D. Diego Dapresa Díaz, por resultar a súa oferta a economicamente máis vantaxosa das achegadas segundo os criterios de adxudicación recollidos no prego de cláusulas administrativas, todo elo, previo requirimento pola Presidencia da documentación á que se refire a cláusula 14ª do citado prego.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 9:55 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa

O Secretario da Mesa,

A Concelleira Delegada de Rexistro Interno

A Interventora Acctal,

O Secretario Xral.,

A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local,